



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E BIXO ARENTEIRO S.L. PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO DO ANO 2020

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais, con CIF Q6550009B, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da dirección da Agadic (DOG nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Mariano Ortega Rio, en calidade de xerente de Bixo Arenteiro S.L., con CIF B32373912, e con domicilio en Rúa Castela, 53,2 O Carballiño CP 32500, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

Ambas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais, en adiante a Agadic, é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo.
2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".
3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é "promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que "a Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".
4. O obxectivo principal da Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) é propiciar programacións estables nas salas de titularidade privada integradas na mesma, en virtude da resolución do 30 de outubro de 2019, pola que se aproban as bases e a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, de admisión de salas de música de titularidade privada á programación musical desta axencia co obxecto de promover a difusión de grupos musicais galegos así como abrir novos mercados para a música.
5. Con este convenio, Bixo Arenteiro S.L., en adiante a entidade, e a Agadic acordan colaborar ao considerar necesaria a difusión de actividades musicais a través da Rede Galega de Música ao Vivo, ofertando unha programación estable e

coordinada na que non é posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Agadic para o ano 2020.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación para o ano 2020 no Sala Sete Flores, sala integrada na Rede Galega de Música ao Vivo de conformidade co disposto na Resolución do 30 de outubro de 2019 pola que se aproban as bases e a convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, de admisión de salas de música de titularidade privada á programación musical desta axencia (DOG nº 213, 8 de novembro de 2019).

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Música ao Vivo.

Segunda. Obrigas da entidade asinante

Bixo Arenteiro S.L. comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro de programación recollido na cláusula quinta e debe asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación dos concertos programados de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar mediante transferencia bancaria aos grupos participantes na programación o estipulado no contrato, esixindo sempre ademais da factura oficial, as altas na Seguridade Social de cada un dos integrantes do grupo.
- c) Asumir os gastos derivados da organización, a coordinación e a xestión da programación, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitirlle á Agadic a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico, a través da páxina da Agadic www.galescena.gal, nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada concerto.
- e) Comunicarlle á dirección da Agadic, coa antelación suficiente, calquera modificación da programación, en particular as alteracións unilaterais do calendario de actuacións e dos horarios de celebración.
- f) En todo material de difusión que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio, a entidade deberá utilizar a imaxe corporativa da Agadic, do Xacobeo 21, da Xunta de Galicia e da Rede Galega de Música ao Vivo, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio.
- g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cun prezo mínimo de 3 euros.
- h) A entidade declara que conta con todos os permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a celebración dos concertos, así como calquera outro permiso, licenza ou autorización necesarios para o cumprimento da normativa administrativa de prevención de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil e restante lexislación de obrigada aplicación en relación á sala, á celebración do concerto e ao público asistente.

O incumprimento de calquera destas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega da Agadic.

Terceira. Condicións específicas obrigatorias das programacións

A programación deberá cumprir as condicións seguintes:





1. Non se poderán programar grupos vinculados á sala. Considérase formación vinculada á sala aquela na que algún dos seus compoñentes ou familiar ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade sexa propietario de máis dun 15% do capital social da sala.
2. Cada grupo só poderá ser programado unha vez ao ano en cada sala.
3. Os grupos non poderán ser contratados máis dunha vez ao ano na localidade onde declaren a súa residencia.
4. O 75% da programación deberá ser de grupos galegos.
5. Para a contratación efectiva dun grupo, este deberá conseguir un mínimo de dous bolos en cada período de programación.
6. O prezo mínimo da entrada a cada concerto será de 3 euros.
7. O caché de cada grupo será negociado e acordado entre a sala e o grupo, tendo en conta que a contratación ten que cumprir os seguintes mínimos económicos:

1 compoñente	175 €
2 compoñentes	320 €
3 compoñentes	480 €
4 compoñentes	640 €
A partir de 5 compoñentes	800 €

Estas cantidades corresponden ao caché total con impostos engadidos. A contratación por debaixo destas cantidades non será aceptada.

Cuarta. Obrigas da Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento das programacións e, en concreto, realizará as seguintes actuacións:

- a) Abrir a convocatoria para que as salas realicen a súa programación.
- b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión www.galescena.gal, plataforma dende a que os grupos deben realizar as súas propostas e as entidades programadoras configurar a súa programación.
- c) Revisar e aprobar as programacións, a través do departamento competente en materia de programación, segundo as condicións especificadas no Anexo que acompaña a este convenio.
- d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.
- e) Elaborar informes de público anualmente, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportuno para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.
- f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas sempre que a xustificación achegada pola entidade cumpra o establecido neste convenio.





Quinta. Comisión mixta de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión a persoa asinante do convenio, ou persoa que designe en substitución.

Sexta. Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de (€ 8,980.00), importe derivado da puntuación obtida pola sala unha vez resolta a convocatoria publica no DOG de 8 de novembro de 2019 (Resolución de 30 de outubro de 2019, pola que se aproban as bases e a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, de admisión de salas de titularidade privada á programación musical desta axencia) que será sufragado do seguinte xeito:

- A Agadic asumirá o 90% do custe de cada un dos concertos, que ascende a un total de (8,000.00), impostos incluídos, co límite do importe asignado na Resolución do 30 de outubro de 2019, pola que se aproban as bases e a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, de admisión de salas de música de titularidade privada á programación musical desta axencia (DOG nº 213, 8 de novembro de 2019), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11A1432B6401 dos orzamentos xerais da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2020.

- Bixo Arenteiro S.L. asumirá resto do caché de cada un dos concertos, que ascende a un total de (980.00).

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteña lucro ningún.

Programación

Data	Hora	Grupo	Concerto	Achega Agadic	Achega Espazo
30-04-2020	21:30	Juan Carballo & Os Imperfectos	Juan Carballo & Os Imperfectos	432.00 €	48.00 €
31-07-2020	23:30	Pablo Lesuit	Pablo Lesuit con banda	990.00 €	110.00 €
06-08-2020	23:30	García Mc & Nación Quilombo	García Mc & Nación Quilombo	720.00 €	80.00 €
14-08-2020	23:30	Mad Martin Trío	Mad Martin trío, High Energy Rockabilly	458.00 €	142.00 €
11-09-2020	23:30	Xeitosa Producións	Chiki Lora- Banda	900.00 €	100.00 €
25-09-2020	23:30	Brinkadellia Troupe	Brinkadellia Troupe	900.00 €	100.00 €
09-10-2020	23:30	Ataque Escampe	Ataque Escampe presenta: A Alma	720.00 €	80.00 €
16-10-2020	23:30	Andhrea & the Black Cats	Andhrea & the Black Cats (Quinteto)	720.00 €	80.00 €
06-11-2020	23:30	Astrogirl	Astrogirl (formato banda)	720.00 €	80.00 €
11-12-2020	23:30	Oh! Ayatollah	Oh! Ayatollah en Directo	720.00 €	80.00 €
18-12-2020	23:30	Tan Dub	TAN DUB DIRECTO	720.00 €	80.00 €
Totais:				8,000.00 €	980.00 €

Sétima. Xustificación e pagamento

O pagamento da cantidade estipulada neste convenio por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- 50% tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias da coordinación e xestión da programación. Para iso, a entidade debe facer entrega, xunto coa solicitude de adianto, dun escrito acreditativo de inicio destas fases preparatorias.





- 25% unha vez efectuada a metade da programación. Para iso, a entidade debe facer entrega, xunto coa solicitude de adianto, dun informe explicativo dos concertos realizados, que deberá vir acompañado dos correspondentes contratos asinados entre as partes.
- 25% unha vez finalizada a programación, e levarase a cabo unha vez xustificado o custe total da programación (8,980.00 €), que debe facerse coa entrega, con data límite do 31 de decembro de 2020, da seguinte documentación:
- Memoria descritiva da programación realizada, con indicación das modificacións xurdidas no desenvolvemento da programación e das súas causas e incidencias.
- Contratos de cada unha das actuacións asinados entre as partes, sempre que non foran entregados con anterioridade.
- Xustificantes de gasto (facturas), que deben vir acompañados dos xustificantes bancarios dos pagamentos.
- En caso de realizarse material de difusión, copia do mesmo.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á carpeta do cidadán <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

Se o gasto finalmente xustificado fose menor ao custe total da programación, o importe da achega por parte da Agadic sufrirá a minoración que corresponda.

A entidade ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

Oitava. Dereitos sobre a información e resultados

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da entidade. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a entidade poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Novena. Participación dos colaboradores da entidade.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Décimo segunda. Modificación, denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o programa de colaboración conxunto, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sexta, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

Décimo terceira. Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Confidencialidade de datos

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.





As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránse os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade co anteriormente exposto, asinan na data que figura ma marxe

O presidente do Consello Reitor

(P.D. Resolución 24 de xullo de 2012)

Representante da
entidade

Mariano Ortega Rio

Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

